

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	
DISCIPLINA	Traballo fin de grao
TITULACIÓN	Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
ITINERARIO	
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	12
CARACTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	
DOCENTES	<p><b>Nome e apelidos:</b> María Jesús Ramos Calvelo  <b>Horario titorías:</b>  <a href="http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas">http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas</a>  <b>Despacho:</b> Servizos 2  <b>Contacto:</b> chusrc@edu.xunta.es</p> <p><b>Nome e apelidos:</b> Eufrasio Lucena Muñoz  <b>Horario titorías:</b>  <a href="http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas">http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas</a>  <b>Despacho:</b> Servizos 2  <b>Contacto:</b> elucena@edu.xunta.es</p>
DESCRIPCIÓN	Elaboración, e posterior defensa, diante dun tribunal, dun traballo de carácter escénico, coa correspondente memoria, que permita unha demostración empírica de ter adquirido as competencias transversais, xerais e específicas da titulación e do itinerario.
CONECAMENTOS PREVIOS	Todos os acadados nas materias de 1º, 2º, 3º e primeiro cuadrimestre de 4º
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego                  Castelán                  Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T5	Comprender e utilizar, cando menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética,

	medioambiental e cara á diversidade.
<b>T12</b>	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
<b>T13</b>	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
<b>T14</b>	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
<b>T15</b>	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
<b>T16</b>	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
<b>T17</b>	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
<b>COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN</b>	
<b>X1</b>	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
<b>X2</b>	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X4</b>	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
<b>X5</b>	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
<b>X7</b>	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
<b>X8</b>	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
<b>EE1</b>	EE1. Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
<b>EE2</b>	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.
<b>EE3</b>	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.
<b>EE4</b>	Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral.
<b>EE5</b>	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
<b>EE6</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVO DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
Elaborar, presentar e defender un traballo de carácter escénico, acompañado da correspondente memoria.	A totalidade das competencias transversais, xerais e específicas.
4. CONTIDOS	
TEMAS	
<b>PROXECTO ESCENICO</b>	
* <b>MEMORIA XERAL (formato mínimo da entrega A3):</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Título e autor. Lugar e data da estrea. Formato do espectáculo. Antecedentes e outros condicionantes de partida.</li> <li>○ Análise definitivo de cada escena, segundo a escenografía, iluminación, vestuario e caracterización.</li> </ul>	
· <b>ESCENOGRAFÍA:</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria de espazo escénico: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Espazo escénico e situación do público.</li> <li>○ Memoria descritiva da escenografía proposta.</li> <li>○ Número de escenas.</li> <li>○ Lugar de acción</li> <li>○ Número e tipo de cambios de decorados.</li> </ul> </li> <li>- Bosquexos de atmosfera (mínimo 10) que inclúan iluminación, sobre perspectiva. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Listado de planos acotados con lenda de cada elemento.</li> <li>○ Planta e sección xeral de implantación.</li> <li>○ Planta e sección por cadros, estudando os distintos movementos (E:1/50)</li> </ul> </li> <li>- Memoria construtiva: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Xustificación das solucións tomadas.</li> <li>○ Planos de planta, alzado e sección de todos e cada un dos elementos escenográficos: <p style="margin-left: 40px;">Deberán estar acotados e coa situación dos elementos nas varas.</p> <p style="margin-left: 40px;">Memoria de calidades, onde se reflicten os materiais e acabados utilizados para cada elemento.</p> <p style="margin-left: 40px;">Despece de construción, a escala axeitada, segundo o elemento que sexa.</p> </li> <li>○ Maqueta da escenografía, mínimo E: 1/25</li> </ul> </li> </ul>	
· <b>ILUMINACIÓN:</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria de iluminación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da liña na que se vai traballar, o estilo; que é o que se pretende conseguir, qué aportará a luz, cómo evolucionarán os personaxes a través desta.</li> <li>- Referentes visuais xerais e por escena. O/a alumno/a aportará todo aquilo que visualmente poida servir para dar unha certa idea da iluminación deseñada. Servirán para isto fotografías tomadas polo/a mesmo/a alumno/a, ou imaxes de cadros, etc.</li> <li>- Un bosquexo de atmósfera por cada escena, en tamaño A3.</li> <li>- Estudo de escenas e transicións onde se aprecien as diferentes situación lumínicas e as transicións entre as mesmas.</li> <li>- Plano de luces a escala.</li> </ul> </li> </ul>	

- Aspectos técnicos. Explicación por escrito do plano de luces, cos debuxos explicativos que sexan necesarios.
- As follas de iluminación. Situacións lumínicas. Desenvolvemento da obra en canto á luz. Transicións. Efectos. Outras posibles follas.
- Planta E: 1/50 e a sección necesaria E: 1/50 da situación de varas cos focos correspondentes para o deseño e interrelación coa escenografía.

#### **· INDUMENTARIA E CARACTERIZACIÓN**

- Elección do elenco de actores unicamente para o deseño da caracterización.
- Bosquexos a cor de todos os personaxes da obra, mínimo 10 personaxes.
- Memoria de tecidos e acabados adxuntas ao correspondente figurino.
- Bosquexos de caracterización e peiteado de mínimo 5 personaxes.
- Debuxos técnicos e despece de prendas (mínimo 5).

#### **· IMAXE GRÁFICA**

- Cartel en DIN A2 ou 50x70.
- Programa de man.

#### **· PRODUCCIÓN TÉCNICA**

- Listado descritivo de todos os elementos e materiais (escenografía, utilería, iluminación, vestuario, peiteado e maquillaxe).
- Condicionantes orzamentarios e de construción.
- Presuposto no que se indique o custo final da produción, despezado por capítulos.

### **5. PLANIFICACIÓN DOCENTE**

Cada titor/a axudará ao alumnado a planificar o traballo.

### **6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE**

Cada titor/a axudará ao alumnado a planificar o traballo.

### **7. ATENCIÓN PERSONALIZADA**

Cada titor/a atenderá de xeito individualizado os requirimentos de cada proxecto ao seu cargo.

### **8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN**

#### **8. 1 Avaliación ordinaria e extraordinaria**

O alumnado ten tres opcións para a realización do seu TFG:

- 1) Realizar só o proxecto escénico, co que a nota será o 100% da materia.
- 2) Integrar unha parte do seu TFG cun grupo de alumnos/as das outras especialidades. Neste caso avaliarase un 80% o proxecto escénico e un 20% a parte da integración (ben sexa iluminación, espazo escénico ou caracterización e indumentaria).
- 3) Integrar todo o seu TFG co resto das especialidades da escola, co que a nota será dun 60% para o proxecto escénico e dun 40% para o traballo integrado. Nesta opción o alumno/a poderá solicitar axuda aos curso de 2º e 3º de escenografía (integrando as materias, sempre que sexa posible, destes grupos) coma se fosen obradoiros de realización, confección, etc

### **9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS**

Cada titor/a orientará ao alumnado na selección e procura das referencias bibliográficas, materiais e outros recursos específicos para o proxecto.

## **10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS**

O alumnado contará coa titoría dun profesor/a da especialidade en horario que será determinado pola xefatura de estudos.

Para a organización, avaliación e cualificación do TFG constituirase un tribunal integrado por cinco docentes, tribunal que será nomeado pola dirección do centro, a proposta da xefatura de estudos e oído o departamento correspondente. O tribunal estará integrado por un/ha presidente/A, un/ha secretario/a e tres vogais.

A cualificación do TFG, que será única, calcularase a partir da media aritmética das cualificacións emitidas polos membros do tribunal, expresada en termos numéricos con dous decimais, eliminando as cualificacións individuais dos membros do tribunal que difiran entre si tres ou máis enteiros. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, só será excluída unha delas.

Recoméndaselle ao alumnado que centre o seu acto de defensa na avaliación final do proceso tendo en conta a presentación pública realizada.